

Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

**ANEXO I****SOLICITUDE SUBVENCIÓNS DAS ANPAS PARA AXUDA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021-2022****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:**

ANPA:	CIF:
Enderezo postal:	Telf.:
Nome e apelidos do/a representante:	
NIF do representante:	Telf.:
Enderezo electrónico a efectos de notificacións :	
Centro ensino público:	Cargo do representante:

**EXPOÑO:**

Que, unha vez lidas e coñecidas, ACEPTO as bases e convocatoria de subvencións para comedor escolar e actividades extraescolares da Concellería de Ensino

Que DECLARO responsablemente que os datos indicados na solicitude son certos

Que autorizo ao Concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

NO CASO DE NON AUTORIZAR AO CONCELLO, RISQUE  NON E XUNTO COA DOCUMENTACIÓN PRESENTE OS CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE COA SEGURIDADE SOCIAL, FACENDA DO ESTADO E FACENDA DA XUNTA.

Que a ANPA se compromete a participar nas bases dos programas de axudas de comedor escolar para os cursos 2021-2022 que convoca a concellería de servizos sociais cumprindo coas obrigas que se establecen para a ANPA.

**SOLICITO:**

Que conforme ás bases e convocatoria para a concesión de subvencións das ANPAS pola prestación do servizo de comedor e para actividades extraescolares, curso escolar 2021-2022, sexa concedida a axuda a fin de sufragar o custos do comedor e actividades solicitadas.

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA A ESTE ANEXO**

- Anexo II** cos custos do servizo de comedor e das actividades solicitadas.
- Anexo III.** Breve memoria descritiva da actividade extraescolar para a que solicita subvención (debe achegar un anexo III por cada actividade para a que solicita a subvención así como un presuposto asinado pola persoa física ou xurídica responsable da súa impartición).
- Anexo IV.** Declaración de non concorrencia doutras axudas para a mesma actividade.
- Anexo V.** Declaración expresa responsable.
- Anexo VI** de constitución da ANPA.
- Fotocopia do **DNI da/o representante e do NIF da ANPA, excepto que:**

Declara que xa ten presentado en anos anteriores a seguinte documentación e que os datos non sufriron modificacións:

**fotocopia do DNI da/o representante**  **si**      **CIF**  **si**

Certificación expedida pola/o secretaria/o da entidade na que figure a relación de membros da xunta directiva actual.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

**Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº99 do 23 de maio de 2008 e Bases reguladoras e convocatoria das axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar e actividades xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos dos centros de ensino público do Concello de Redondela (2021-2022).**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Poden retirarse o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal)

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/Jorge Juan, 6, 28001, Madrid ([www.agdp.es](http://www.agdp.es))

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

**O documento debe ser datado e asinado electrónicamente polo/a presidente/a da ANPA ou o/a representante legal SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA**

